

# A política agroforestal e os incendios na Galiza

## Unha achega crítica sobre a situación actual do monte galego

**O nacionalismo galego tiña claro que a política contra incendios na Galiza non se podía contemplar, de maneira exclusiva, como un conxunto de accións dirixidas a mellorar a extinción. Quen fixese isto malgastaría cantidades inxentes de diñeiro público e fracasaría nos obxectivos de reducir o número de incendios e a superficie queimada a medio prazo, co perigo de se converter nun problema crónico a longo prazo de difícil e custosa solución. Porén, esa era a situación e a política que practicou na Galiza o Goberno do PP, desde 1990 até o verán de 2005 (e que agora volve a recuperar), cuns pésimos resultados.**

Cando, en 2005, o BNG tomou as rendas da Consellaría de Medio Rural, integrou nela a Dirección Xeral de Montes co obxecto de unificar a Política Agraria Galega (agrícola, gandeira e forestal) e contemplar cunha perspectiva global de país (política, económica e social) o problema dos incendios forestais, é dicir, non só como un problema exclusivo do sector forestal galego. Naquela altura, a media de incendios superaba os 10.000 anuais e

representaba 54% de todo o Estado, mentres a media de superficie forestal queimada superaba as 32.000 Ha, 25% da estatal. Galiza era, con diferenza, a Comunidade cos índices máis negativos en materia de defensa contra incendios de todo o Estado e da Unión Europea, coa excepción de Portugal, e a tendencia era a empeorar.

O feito de se produciren incendios, algúns con extensións superiores ás 500 ha, pode ser "normal", tendo en conta as condicións climatolóxicas que, no verán, son adversas en canto á temperatura, humidade e vento, sobre todo na costa. Tampouco o feito de se produciren accidentes graves e dramáticos, teñen que ser imputábeis a unha mala xestión do servizo; poden ocorrer cando se dan un cúmulo de circunstancias adversas como o cambio súbito na dirección do vento e o despiste ou pánico dos propios implicados, aínda que pode haber unha negligencia nos responsábeis directos da dirección da extinción ou da xefatura da brigada. Neste caso, a solicitude dunha investigación é o correcto, mais penso que debemos abstermos de actitudes demagóxicas e, menos aínda, de responsabilizar directamente a Dirección Xeral ou a Consellaría das mortes, a pesar de que esa foi a actitude e comportamento, cínico e irresponsábel, do PP na vaga de lumes do 2006.

### O ENFOQUE DO BNG DENTRO DO GOBERNO GALEGO EN 2005 NA POLÍTICA CONTRA INCENDIOS

#### 1. A situación do medio rural galego e as causas dos incendios forestais

O mantemento, nos últimos once anos, dunha media de dez mil incen-

dios anuais e máis de 32.200 ha de superficie queimada, cunha tendencia á alza nos últimos tres anos, revelaba a existencia no medio rural de problemas estruturais graves aos que non se lle estivo a dar unha resposta adecuada.

Pensouse que cun bo dispositivo de extinción as cousas terían que mellorar e, efectivamente, logrouse que a maioría dos incendios non superasen a superficie de unha hectárea. Mais nin se logrou unha redución do número de lumes, nin da superficie queimada, máis ben ao contrario. A conclusión é que o dispositivo só funcionaba cando hai incendios porque está deseñado para combater os efectos do lume, mais non as causas que o producen.

Todos os estudos realizados nos últimos anos revelaban unha situación de cambio en amplas zonas do medio rural galego marcada por dous factores determinantes: despoboamento e avellentamento. A estes factores hai que engadir a dispersión da poboación en preto de 30 mil núcleos.

O despoboamento provocou o **abandono masivo de terras cultivadas** en moitas zonas do interior da Galiza. Tamén é certo que este factor se veu agravado polo cambio nos sistemas de explotación por mor dos procesos de modernización. Por outra parte, o avellentamento poboacional agrava as consecuencias de prácticas tradicionais agroforestais moi estendidas, como son as queimas de restos ou de mato na actualidade realizadas, moitas delas de maneira negligente ou coa intención de limpar para ver os lindes. As queimas foron unha práctica de sempre na sociedade agraria galega, igual que no resto do planeta, que non tiñan maiores efectos negativos sobre o medio cando se trataba de prácticas agrícolas normalizadas en terras cultivadas. Naquela altura, o mato chegaba até as casas de moitos núcleos rurais e a súa eliminación mediante a queima incontrolada xeraba unha gran cantidade dos lumes que se producían no noso país.



Unha proba da práctica xeneralizada das queimas na Galiza son os das queimas comunicadas e autorizadas no ano 2005, máis de 270.000, e unhas 390.000 na actualidade. Das comunicadas e autorizadas, unha parte significativa non se realizaba coas condicións de seguridade adecuadas.

Se a esta situación de abandono xeneralizado do medio rural engadimos unha política de forestación de terras agrarias realizada sen contar cunha adecuada organización e planificación do territorio, xunto á permanencia de graves conflitos entre a gandaría extensiva e os propietarios dos montes, e outros problemas de deslindes e clasificación de montes veciñais en mancomún, temos xa un cadro bastante aproximado para a diagnose dos problemas estruturais que padece o medio rural e que están na base da maioría dos incendios forestais que se producen na Galiza.

## **2. Nova Política Forestal. Vixilancia, prevención e actuación sobre as causas.**

Como acabamos de ver, o camiño para limitar e reducir de maneira significativa o número de incendios non ía vir da man do incremento dos medios de extinción. Certo é que necesitabamos un sistema áxil e operativo, con capacidade para intervir naqueles lumes que se produzan de maneira inevitábel. Mais os esforzos no futuro inmediato deberían ir na dirección de atacar as causas e no desenvolvemento dunha política preventiva con implicación do conxunto da sociedade.

ALBERTE BRANCO CASAL

Profesor no Instituto de Ensino

Secundario "Xesús Taboada Chivite"




de Verín. Director Xeral de Montes da

Consellaría de Medio Rural entre 2005

e 2009

Un dos primeiros cambios no enfoque deste grave problema que afecta o conxunto da sociedade foi o de integrar na Consellaría do Medio Rural os sectores agrícola, gandeiro e forestal, o que permite ter unha visión global e integrada dos problemas que afectan o medio rural. Xa vimos anteriormente que hai unha relación

Concellos	Parroquias	Entidades de poboación
315	3.797	29.998



entre os distintos sectores á hora de determinar as causas de moitos dos lumes que se producen. Os lumes no noso tempo non son estritamente forestais. Independentemente da súa orixe, o lume propágase polo monte e pasa, en moitas ocasións, a través da interface urbano-forestal aos núcleos rurais e zonas periurbanas, ameazando directamente a poboación.

Por esta razón, a Dirección Xeral de Montes, dentro do marco de actuación deseñado pola Consellaría do Medio Rural, elaborou e levou a cabo un Plan de Xestión para o monte apoiado nas seguintes liñas de actuación e executando as correspondentes medidas:

#### I. Reforma do sistema de extinción avanzando na formación, cualificación e optimización dos seus medios humanos e materiais:

- Estabelecemento dun Mando Único do que dependen todos os efectivos implicados na loita contra incendios.
- Elaborouse un novo Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios (PLADIGA) con novos protocolos e medidas de resposta máis eficaces.
- Mellora das condicións laborais do persoal do SPDCIF. Adquisición dun novo Equipo de Protección Individual para todo o persoal acorde cos requisitos máis exixentes en materia de seguridade. Dotación de medios de vixilancia avanzados para a Gardaría Forestal.
- Innovación tecnolóxica da rede de vixilancia e detección. Creación do sistema informático XEOCODE de control e información central e de comunicación interna en liña. Xestión informatizada e integrada de todas as actividades da subdirección de incendios.
- Dotación a todas as brigadas e vehículos de sistema de localización GPS. Dotación dos vehículos moto-bomba de navegadores para acceder con maior celeridade aos puntos de emerxencia. Posta en funcionamento de dous vehículos de Mando Avanzado equipados con alta tecnoloxía para vixilancia nocturna e

seguimento *in situ* de incendios de alto risco.

- Mellora do sistema de telecomunicación dos Centros de Coordinación.
- Reorganización dos Distritos Forestais. Informatización de servizos.
- Ampliación e mellora dos puntos de auga en todo o país. Máis de 150 actuacións en mellora ou creación de novos puntos de auga.
- Reorganización de todo o sistema de medios humanos do SPDCIF coa creación de 3 brigadas helitransportadas de alta cualificación, eliminación das máis de 300 brigadas dos concellos (que operaban no verán facendo actuacións mixtas ás ordes do seu alcalde e da Xunta cun confuso sistema de control) e cun perfil de alto risco laboral. Como alternativa, créase a empresa pública SEAGA co obxecto de centralizar a selección do persoal especial do verán e elevar a súa competencia profesional.
- Persecución do delito incendiario con todos os medios legais ao alcance do Goberno galego. Incrementouse en máis de 300% o número de detencións e mellorouse a dotación e organización das Brigadas de Investigación de Incendios Forestais (BIIF).
- Activación do despegue automático dun medio aéreo nas zonas de alto risco de incendios ou na época de perigo alto ante unha alarma confirmada.
- Preparación e mantemento das brigadas mediante cursos de formación para todos os seus membros e técnicos en centros de capacitación da Consellaría de Medio Rural.
- Creación de infraestruturas para as brigadas e melloras de todos os centros de coordinación provinciais e dos distritos forestais. (Máis de 80 puntos de encontro foron creados ou mellorados de maneira notábel e reformáronse todos os puntos de vixilancia fixa).
- Política de transparencia informativa.

## II. Desenvolvemento dunha política de prevención eficaz e tanxíbel:

- Aprobación en cada distrito forestal dun Plano de Prevención, onde se determinan os obxectivos de zonas de devasa a realizar polas cuadrillas propias e por convenios cos concellos, cursos de formación previstos, accesos, balsas e puntos de auga, comunicación social e vixilancia preventiva. Implantación dun sistema de avaliación de obxectivos coas medidas correctoras.
- Creouse o IRDI (índice de risco de incendios) con acceso libre a todos os cidadáns para estaren informados da situación de risco en cada zona do país.
- Dotación de novos equipamentos tecnolóxicos ás Brigadas de Investigación de Incendios Forestais (BIIF) para a vixilancia e investigación de causas. Plan de coordinación coas FSE e a Fiscalía, dando excelentes resultados na diminución de lumes.
- Plan de control e vixilancia de queimas e cortas. Creación do sistema de comunicación telemática para facilitar o servizo aos usuarios e localizar en tempo real a situación xeográfica das queimas agrícolas e forestais.
- Plan de aproveitamento de Biomasa Forestal Residual ligado a proxectos de desenvolvemento rural. Posta en marcha do Plan de 80 MW con 10 centrais térmicas destinadas á valorización enerxética da biomasa producida polos nosos montes (podas, clareos, rareos e restos de cortas).
- Implicación da toda a sociedade na defensa do monte mediante unha política informativa e de contacto directo coa poboación do medio rural: conscienciación da sociedade e compromiso co medio agrario para a integración na política de prevención dos sectores implicados no monte (concellos, Comunidades de Montes Veciñais, empresas de servizos forestais, cooperativas...). Creación de máis de 100 Agrupacións de Vixilancia Forestal de carácter voluntario vinculadas aos propietarios forestais, implicando







máis de 1.200 persoas, ademais do Voluntariado do Monte que coordinaba outras 3.000 persoas.

- Plan de actuación en zonas conflictivas: negociación e ordenación da gandaría extensiva nos montes veciñais e particulares. Leváronse a cabo convenios e actuacións concertadas que lograron diminuír e limitar os incendios ligados a esta actividade nas catro Provincias.
- Aprobación da Lei de Defensa contra os Incendios Forestais. Ao abeiro desta lei iniciouse unha actuación para o cumprimento das zonas de seguridade dos núcleos rurais mediante a apertura de máis de 4.000 expedientes en todo o país e abrindo unha liña de axuda aos concellos para a roza das fincas abandonadas no perímetro de protección cun importe de 35.000 euros anuais.
- Os incendios forestais lograron reducirse co goberno do BNG até niveis inéditos na Galiza. A media de lumes baixou de máis de 10.000 anuais de media (período 1995-2006) a menos de 2.200 e a superficie queimada de 33.000 ha a menos de 6.800 ha. O descenso efectivo no período 2007-2009 foi de máis de 75% no número de lumes e de 80% en superficie queimada.

### III. Planificación e execución dunha Nova Política Agraria e Forestal.

- Diversificación das especies forestais: levouse a cabo a forestación con frondosas caducifolias autóctonas melloradas xeneticamente para in-

crementar a rendibilidade económica dos nosos montes con madeira de calidade con destino a segunda transformación. Estas especies tamén serven para formar zonas de devasa pola súa baixa combustibilidade.

- Ampliáronse os mercados de venda de madeira, permitindo a mellora dos prezos para os seus propietarios.
- Reforestáronse as zonas queimadas en 2005 e 2006 nun tempo récord, con criterios de racionalidade e diversidade.
- Impulsouse a implantación xeneralizada de boas prácticas de silvicultura para mellorar a calidade da madeira dos nosos bosques.
- Constituíuse por vez primeira o Consello Forestal da Galiza, onde se debateron por consenso as principais medidas e a normativa forestal, ademais de informar periodicamente da política forestal e contra incendios.
- Creouse a MESA DA MADEIRA con propietarios particulares, comunidades, asociacións, industrias e administración forestal para mellorar a política de prezos da madeira dos nosos montes e a produción forestal, ademais de servir de plataforma de diálogo entre os sectores implicados no monte.
- Impulso a proxectos integrais de desenvolvemento multifuncional ligados ao monte: silvopastorais, cogomelos, castaña, creación de novas industrias de transformación da madeira con destino a segunda transformación...
- Reforzo do sector da serra como protagonista principal do tecido empresarial galego asentado no medio rural.
- Creación da figura das Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) como medida para a reorganización da propiedade forestal onde hai máis de 670.000 propietarios con parcelas de menos de 4000 m<sup>2</sup> por propietario. En marzo de 2009 había 952 declaracións de interese de creación de UXFOR, 31 solicitudes efectivas e 11 presolicitudes, estando previsto

A media de lumes  
baixou de máis de  
10.000 anuais de media  
(período 1995-2006)  
a menos de 2.200 e a  
superficie queimada de  
33.000 ha a menos de  
6.800 ha

entre xuño e setembro dese mesmo ano a aprobación de 24 unidades. Hai que ter en conta que, desde que se aproba o Decreto das UXFOR en abril de 2008, en menos dun ano en 42 unidades en fase de solicitude ou presolicitude, xa se estaban facendo traballos avanzados de delimitación e ordenación con axudas da Consellaría de Medio Rural en materia de valorización forestal multifuncional e prevención de incendios con investimentos directos da administración en 2008 por valor de 2,7 M€. Para 2009 estaban previstas unhas actuacións directas de 4 M€.

- Aprobación do Regulamento de control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución (viveiros), ademais de pór á disposición do sector toda a investigación realizada polo Instituto de Investigación de Lourizán sobre identificación do material xenético forestal que levaba 20 anos arquivada.
- Oferta ao sector forestal dunha ampla gama de axudas:
  - Orde de axudas para frondosas caducifolias (2009: 1,7 M€)
  - Orde de fomento da forestación de terras non agrícolas (2009: 4 M€)
  - Orde de axuda para a creación e mellora de empresas (PEMES e microempresas) de comercialización de produtos silvícolas (2008/09: 9 M€)
  - Orde de axuda á silvicultura en bosques (2009: 5 M€)
  - Orde de programas de valorización integral e multifuncional do monte (2009: 9,1 M€)
- Posta a punto en 2008 do anteproxecto da Lei de Montes da Galiza acordado con todo o sector forestal e apoiado con 99% do Consello Forestal da Galiza. O adiamento das eleccións impediu o seu debate parlamentario na pasada lexislatura. Esta lei, a primeira deste tipo na Galiza, actualizaba e flexibilizaba a xestión das Comunidades de Montes, establecía a obriga de trituración ou valorización da bio-

masa forestal, poñía límite á segregación da propiedade por debaixo das 15 ha, establecía unha nova regulación dos contratos da administración cos propietarios forestais, creaba un seguro forestal por incendios, regulaba o gando sen dono e a ganaría extensiva, establecemento dun inventario forestal cada 5 anos, establecía a elaboración dunha Estatística Forestal Anual e a Estratexia Galega de xestión forestal, ademais doutras medidas de conservación e defensa fitosanitaria, xenética forestal, educación, formación e investigación, e outras medidas máis que sería prolífico explicar aquí.

- Creación do Banco de Terras, dependente da Dirección Xeral de Infraestruturas, mais elaborado cun criterio agrario global.

#### **A SITUACIÓN NA ACTUALIDADE. GOBERNO DO PP (2009-2013)**

##### **1. O sistema contra incendios**

- A equipa da Dirección Xeral de Montes é a mesma que había cos gobernos do PP, caracterizada pola rutina, a falta de creatividade e iniciativa, demostrada amplamente ao longo de máis dunha década.
- Aparentemente, o PP seguiu co dispositivo que o BNG montou durante a pasada lexislatura. Mais producíronse cambios no sistema de selección do persoal (propio e de SEAGA), o que pode derivar en perfís laborais de risco como ocorría cando existían as brigadas dos concellos.
- Incremento de 40 brigadas máis en detrimento das medidas preventivas e do investimento en modernización da vixilancia preventiva centralizada.
- Ausencia de información en materia de incendios forestais, ocultación e baile de cifras na comunicación dalgúns sinistros.
- Diminución alarmante do número de detidos por incendios.

##### **2. A prevención**

- Elimináronse, ou minimizouse até o ridículo, as axudas para a elimina-



ción de mato nos perímetros de seguridade dos núcleos de poboación rurais de acordo coa Lei de Incendios. Desde 2008, non se fai este tipo de roza mediante os convenios cos concellos na maioría das localidades da Galiza. As axudas previstas e dotadas orzamentariamente polo bipartito en 2009 foron suspendidas polo Goberno do PP.

- Suspendéronse os expedientes sancionadores relacionados coa Lei de Incendios. Non se expedienta ningún, e fan caso omiso das denuncias dos particulares.
- Elimináronse as Unidades de Xestión Forestal cando podían ter aprobadas nesta altura máis de 50, cun amplo traballo de conscienciación sobre a reorganización do espazo forestal para limitar o minifundio e a falta de rendibilidade da propiedade forestal.
- Extraordinaria ineficacia na xestión da administración: as brigadas de prevención que se lle conceden ás Comunidades de Montes non se poñen en activo até mediados de agosto (???) e redúcense de 5 a 2 meses.
- Suspenderon e atrasaron o concurso para as centrais de biomasa e desentendéronse do Plan elaborado polo BNG.
- Eliminaron o voluntariado e a participación social na vixilancia preventiva forestal.

### 3. A política forestal

- Elimináronse as liñas de axuda postas en marcha polo BNG, deixando só as axudas para a silvicultura en bosques na liña tradicional do PP. A multifuncionalidade e as especies autóctonas son esquecidas de novo polo PP.
- Non funcionan, ou fano de maneira deficiente, os órganos de participación social como a Consello Forestal ou a Mesa da Madeira (na web aínda aparece na foto o anterior equipo).
- Deixaron sen efecto o anteproxecto de Lei de Montes apoiado case por

100% do sector forestal e social da Galiza.

- O Banco de Terras está no limbo.

Os resultados conseguidos polo BNG no Goberno galego foi consecuencia de levar a cabo unha política cunha visión global e de país. Atacáronse os problemas estruturais do monte e no sector agrario no seu conxunto, aínda que nunha fase inicial, dialogando co sector forestal e traballando co maior consenso posible, sen faltar á responsabilidade política que compete a un goberno. Reformouse en profundidade o Servizo de Incendios, acometendo cambios estruturais que permitiran un dispositivo eficaz e eficiente, dotado de mando único e amplamente coordinado no territorio cos medios tecnolóxicos adecuados para facer posible unha dirección centralizada. Só desde a actuación nos planos dunha nova política forestal, unha política sería de prevención e a mellora tecnolóxica do dispositivo, pode ter éxito a loita contra os incendios forestais. Se falla calquera destes tres piares, especialmente a prevención e unha nova política forestal no sentido descrito neste informe, a medio—e incluso a curto—prazo a situación volverá a unha situación de incendios crónicos como resposta ao abandono do medio rural.

En conclusión, o PP recuperou a nefasta política forestal que levou a Galiza á súa maior cota de incendios de todo o Estado, como se pode comprobar neste informe. Segue aumentando o dispositivo en cantidade e non en calidade e elimina todas as liñas de prevención e de cambio na estrutura do monte galego. Condena ao esquecemento un bo proxecto de Lei de Montes e prescinde da participación social e da información transparente co sector forestal e a cidadanía.

Este modelo, ao non combater as causas do abandono e a desestruturación do medio rural, levará, de novo, a curto ou a medio prazo, a situacións de incendios crónicos na nosa terra ■